

A DIFICULTADE É A NOSA MOTIVACIÓN

CAMPIONATO ESPAÑA

TRÍATLON SPRINT_ 20   

ÁCUATLON_ 21  

CIDADE DE PONTEVEDRA

www.facebook.com/imdpontevedra

www.triatlon.org





INTRODUCCIÓN

Pontevedra acollerá un ano máis un novo gran evento de triatlón. Dende hai oito anos, a capital pontevedresa é cita ineludible para os amantes deste deporte, xa que foi enlazando Copas de Europa, co Europeo de Triatlón, con campionatos de España e o Mundial de Duatlón... Así, sen descanso dende o ano 2008, no que se celebrou a primeira Copa de Europa en Pontevedra. Nesta oportunidade, a cidade do Lérez será a sede do Campionato de España de Triatlón Sprint e do Campionato de España de Acuatlón, nos que están inscritos máis de 1.500 deportistas.

Como xa é habitual a cidade de Pontevedra converterase nun espectacular recinto deportivo para a celebración destas probas. O punto de saída será a Ponte das Tirantes sobre o río Lérez e o de chegada a pista de atletismo do Centro Galego de Tecnificación Deportiva. Nesta oportunidade, a carreira a pe non descorrerá polo casco antigo, senón que será un circuito xunto ao río Lérez.


Un ano máis, o triatlón galego tentará ser protagonista destas probas e na liña de saída contaremos con importantes deportistas, sendo o máis destacado deles o noso Javier Gómez Noya (catro veces campión do Mundo de triatlón). Javi participa sempre que pode nas probas de Pontevedra e este ano volverá a sentir a calor da cidadanía pontevedresa. A presenza de deportistas galegos estará moi presente en todas as categorías (cadete, júnior, elite e grupos de idade)



CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TRIATLON SPRINT

O sábado 20 de xuño disputarase o Campionato de España de Tríatlón Sprint, que se celebrará nas categorías cadete, júnior, sub 23 e elite, ademais de grupos de idade. Desta forma, dende primeira hora da mañá haberá probas de forma ininterrompida na cidade de Pontevedra con case mil participantes.

A primeira proba en celebrarse será a **júnior** e as distancias serán de 750 metros de natación, 19,4 quilómetros de bicicleta e 5 de carreira a pe (as mesmas que en elite e sub 23). Na categoría masculina hai 102 inscritos, mentres que na feminina son 36 as participantes.





Proba cadete: A saída cadete masculina está prevista para as 11:00 horas e a feminina comezará ás 11:45. As distancias serán de 750 metros de natación, 10 quilómetros de ciclismo e 2,5 de carreira a pe. Na proba feminina están inscritas 93 deportistas e na masculina un total de 174.

Grupos de Idade: Contará con 276 deportistas inscritos nas probas masculinas e con 97 nas femininas. As distancias son de 750, 19,4 e 5 de carreira a pe. A primeira saída darase ás 15:40 horas.

Elite: Son as probas máis esperadas polo público, xa que contará coa presenza de destacados deportistas e fundamentalmente de Gómez Noya, un deportista moi querido en Pontevedra. A proba feminina comezará as 18:30 horas e a lista de saída está formada por 70 deportistas. Entre as destacadas, Paula García Godino (Diablillos de Rivas), Anna Godoy (Cidade de Lugo) as galegas Melina e Camila Alonso (Triatlón Ferrol), Maria Ortega (Tri-Penta Terras de Lugo), Joselyn Brea (Tri-Penta Terras e Lugo). Na elite masculina (20:00 horas) o límite de participantes está marcado en 100 deportistas e hi unha lista de espera de 70. Entre os inscritos, grandes deportistas como Javier Gómez Noya (Cidade de Lugo Fluvial), Nan Oliveras (C.E. Where is de limit?), Antonio Serrat (Tri-Penta Terras de Lugo) ou Diego Paz (Arcade Inforhouse). Os campións de España de 2014 foron Paula García e Nan Oliveras.

<http://triatlon.org/triweb/wp-content/uploads/2014/12/2015.Triatlón-Sprint.Elite-M14.pdf>


<http://triatlon.org/triweb/wp-content/uploads/2014/12/2015.Triatlón-Sprint.Elite-F12.pdf>



CAMPIONATO DE ESPAÑA DE ACUATLÓN

O domingo celebrarase o Campionato de España de Acuatlón nas categorías cadete, júnior, acuatlón paralímpico, grupos de idade, elite e sub 23.

Cadete: Os cadetes serán os máis madrugadores (09:00 e 09:15 horas) e terán un percorrido máis curto pola súa idade (500 metros de natación e 2,5 quilómetros de carreira a pe). Na proba masculina están inscritos 145 deportistas e na feminina, 82.



Júnior: A proba masculina, con 71 inscritos, comezará ás 09:30 horas, mentres que a feminina, con 28 deportistas, entrarán na auga ás 10:00 horas. As distancias son de 1.000 metros de natación e 5 quilómetros de carreira a pe.



Acuatlón paralímpico: Comezará ás 10:3 horas e as distancias son de 1.000 metros de natación e 5 quilómetros de carreira a pe.

Grupos de idade: Inicio da proba, ás 11:15 horas con 178 (116 homes e 62 mulleres). As distancias, as mesmas: 1.000 metros de natación e 5 quilómetros de carreira a pe.

Elite: Na proba masculina (12:30) tamén hai lista de espera e unha magnífica inscrición con grandes deportistas, con Javi Gómez Noya como cabeza de lista. Ademais, David Castro (Rodense), Lucas Mola (Fasttriatlon Club), Uxío Abuín (Triatlón Arteixo) ou Brais Canosa (Arcade Inforhouse). A elite feminina, con 47 inscritas, comezará as 12:00 horas e con Francisca Tous (Diablillos de Rivas), María Ortega (Tri-Penta Terras de Lugo) ou Joselyn Brea (Tri-Penta), entre outras deportistas destacadas.

No 2014 proclamáronse campións de España de Acuatlón David Castro e Anna Godoy.

Podedes consultar as listas de saída nos seguintes enlaces:

<http://triatlon.org/triweb/wp-content/uploads/2014/12/2015.Acuatlon.Elite-M10.pdf>

<http://triatlon.org/triweb/wp-content/uploads/2014/12/2015.Acuatlon.Elite-F6.pdf>



As distancias en elite son de 1.000 metros de natación no río Lérez e 5 quilómetros de carreira a pe, con chegada ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva.





HORARIOS PONTEVEDRA 2015

Venres 19 de xuño

- 16:00 h. Entrega de dorsais
Pazo da Cultura
- 19:00 h. Reunión técnica cadete Tri
Pazo da Cultura
- 20:00 Reunión técnica júnior Tri
Pazo da Cultura

Sábado 20 de xuño

Campionato de España de Tríatlon Sprint

- 10:00 h. Saída júnior masculina
- 10:05 h. Saída júnior feminina
- 11:00 h. Saída cadete masculina
- 11:45 h. Saída cadete feminina
- 12:00 h. Reunión técnica sénior Tri e Acu
Pazo da Cultura
- 12:45 h. Entrega medallas
Júnior e cadete
- 13:00 h. Reunión técnica GGEE Tri
Pazo da Cultura
- 15:40 h. Saída grupos de idade
- 18:30 h. Saída elite feminina
- 20:00 h. Saída elite masculina
- 21:30 h. Entrega medallas
Elite e grupos idade
- 21:30 h. Reunión técnica acuatlón
Pazo da Cultura

Domingo 21 de xuño

Campionato de España de Acuatlón

- 09:00 h. Saída cadete masculina
- 09:15 h. Saída cadete feminina
- 09:30 h. Saída júnior masculina
- 10:00 h. Saída júnior feminina
- 10:30 h. Saída Acuatlón Paralímpico
- 10:45 h. Cerimonia entrega medallas
Cadete e júnior acuatlón
- 11:15 h. Saída grupos de idade
- 11:30 h. Cerimonia entrega medallas
Acuatlón Paralímpico
- 12:00 h. Saída elite feminina
- 12:30 h. Saída elite masculina
- 13:30 h. Cerimonia entrega medallas